

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*EXTRACTO da Resolución do 3 de marzo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2017, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas.*

BDNS (Identif.): 335106.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións: (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

##### Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarios das subvencións os concellos, deputacións provinciais e demais entidades locais recoñecidas no artigo 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, que promovan plans de formación para os empregados públicos, de carácter unitario ou agrupado, dentro do ámbito do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

Tamén poderán ter o carácter de beneficiarias as asociacións ou federacións de entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia lexitimamente constituídas ao abeiro do previsto no artigo 120 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xuño, reguladora da Administración local de Galicia, que promovan plans interadministrativos ou agrupados para a formación dos empregados públicos das entidades locais de Galicia.

##### Segundo. *Obxecto*

A concesión de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación para o emprego promovidos polas entidades locais de Galicia no marco do Acordo da formación para o emprego das administracións públicas (Afedap).



**Terceiro. Bases reguladoras**

As bases que rexerán serán as contidas na Resolución do 3 de marzo de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2017, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

As bases publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

**Cuarto. Contía**

As subvencións para os plans de formación obxecto desta resolución financiaranse con cargo ao crédito dispoñible no orzamento da Escola Galega de Administración Pública por un importe de 427.905 euros.

**Quinta. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria.

**Sexta. Outros datos**

As solicitudes presentaranse exclusivamente por vía electrónica, de acordo co establecido no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no artigo 24.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Os formularios de solicitude están dispoñibles no enderezo <https://fedap-galicia.inap.es/>, e na páxina web da EGAP (<http://egap.xunta.gal>), para o que será preciso que o promotor estea previamente rexistrado no portal Fedap. O acceso ao portal Fedap poderá realizarse introducindo os dítitos de usuario e contrasinal facilitados polo portal ao rexistrarse, ou ben mediante o documento nacional de identidade electrónico ou certificado dixital recoñecido de persoa física ou xurídica.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2017

Sonia Rodríguez-Campos González  
Directora da Escola Galega de Administración Pública

